

ACTA DE ACORDOS COMISIÓN DELEGADA

21/12/2024

ORDE DO DÍA

1º.: Lectura e aprobación da acta anterior.

Procédese a lectura da acta da reunión anterior. A acta é aprobada por unanimidade.

2º.: Criterios distribución recursos tecnificación 2025.

Procédese a presentar os novos criterios e táboa correspondente, a partir da cal calcularanse as cantidades destinadas á tecnificación de cada modalidade. Inclúese no programa de tecnificación a modalidade de ximnasia estética non contemplada anteriormente.

Cantidade a repartir	18.000,00 €		
Criterios de distribución		Puntos	limite
Licencia nacional		1	
Licencia autonómica (B)		0,5	150
Licencia autonómica escolar		0,25	150
Medallas en Cto nacional de élite			
	Oro	5	
	Plata	4	
	Bronce	3	
Medallas en Cto nacional de base			
	Oro	4	
	Plata	3	
	Bronce	2	
Pertenza a selección española absoluta en ctos del mundo o europeos		15	
Pertenza a selección española en categorías inferiores		10	
Medallas en ctos mundo y/o europea en categoría absoluta			
	Oro	40	
	Plata	35	
	Bronce	30	
Medallas en Ctos mundo y/o europeos en categorías inferiores			
	Oro	30	
	Plata	25	
	Bronce	20	

Establécese un importe fixo de tecnificación por modalidade de 1.000 euros, ao que se sumarán os correspondentes importes variables seguindo os criterios de distribución.

Os membros da Comisión Delegada informan positivamente deste punto da orde do día.

3º.: Orzamentos 2025.

Os ingresos estimados para esta tempada 2025 son os seguintes:

INGRESOS		
1.-	FORMACION	48.000,00 €
2.-	SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE	94.238,00 €
3.-	LICENZAS	260.000,00 €
4.-	INSCRICIÓNS CTOS. ESPAÑA E INTER	71.000,00 €
5.-	OUTRAS SUBVENCIÓNS	14.000,00 €
6.-	INSCRICIONS COPAS GALICIA INTERNACIONAL	5.200,00 €
7.-	INGRESOS VARIOS	9.262,00 €
TOTAL INGRESOS		501.700,00 €

Os gastos estimados para esta tempada 2025 son os detallados a continuación:

GASTOS		
1.-GASTOS DE FUNCIONAMENTO		
1.1.-GASTOS CORRENTES		
1.1.1.- PERSOAL	81.500,00 €	
1.1.2.-PRIMAS DE SEGUROS	1.150,00 €	
1.1.3.-SERVICIOS PROFESIONAIS EXTERNOS	2.300,00 €	
1.1.4.-CORREO E TELEFONO	3.540,00 €	
1.1.5.-MATERIAL OFICINA	3.910,00 €	
1.1.6.-GASTOS REPRESENTACIÓN	4.950,00 €	
1.1.7.-VARIOS E IMPREVISTOS	4.200,00 €	
TOTAL GASTOS CORRENTES		101.550,00 €
2.- GASTOS LICENZAS		
2.1.-HOMOLOGACIÓN LICENZAS RFEG	57.000,00 €	
2.2.-SEGURO DEPORTIVO	78.000,00 €	
		135.000,00 €
3.-ACTIVIDADES		
3.1.-COMPETICIÓN		
3.1.1.-AUTONÓMICAS (ESCOLAR E PROMOCIÓN)	51.500,00 €	
3.1.2.-AUTONÓMICOS: BASE E ABSOLUTOS	41.000,00 €	
3.1.3.-CTOS. DE ESPAÑA: XUÍCES/ZAS	16.500,00 €	
3.1.3.-OUTROS CTOS: ORGANIZACIÓN	28.650,00 €	
3.2.- PAGO INSCRIPCIÓN CTOS ESPAÑA	59.250,00 €	
TOTAL ACTIVIDADES		196.900,00 €
4.-TECNIFICACIÓN		
4.1.-XIMNASIA RÍTMICA		
4.2.-XIMNASIA DE TRAMPOLÍN		
4.3.-XIMNASIA ACROBÁTICA		
4.4.-XIMNASIA ARTÍSTICA		
4.5.-XIMNASIA ESTÉTICA		
4.6.-TECNIFICACIÓN CGTD	12.500,00 €	
		30.500,00 €
5.-FORMACIÓN		
		36.000,00 €
6.-ADQUISICIÓN MATERIAL DEPORTIVO		
		1.750,00 €
TOTAL GASTOS		501.700,00 €

A Comisión Delegada informa positivamente deste punto da orde do día para a súa consideración na Asemblea Xeral.

4º.: Informe Conta de Resultados a 16/12/2024

Infórmase aos presentes do resultado contable da Federación a 16 de Decembro por medio da Conta de Perdas e Ganancias. Trátase dun resultado provisional xa que aínda quedan varias partidas pendentes de contabilizar ata o 31 de decembro. Consideramos que ditas partidas non alterarán demasiado o resultado presentado polo cal podemos considerar esta Conta de Perdas e Ganancias como representativa.

Explícase a Conta de Perdas e Ganancias segundo a seguinte desagregación:

1	Ingresos federativos	478.714,00 €
5	Outros ingresos de explotación	116.551,62 €

6	Gastos de persoal	-74.553,99 €
7	Outros gastos de explotación	-423.335,11 €
8	Amortización do inmovilizado	-19.500,00 €
	A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1-5-6+7+8)	77.876,52 €
13	Ingresos financeiros	0,00 €
	B) RESULTADO FINANCEIRO (13)	0,00 €
	C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A+B)	77.876,52 €
19	Imposto sobre Sociedades	0,00 €
	D) RESULTADO DO EXERCICIO (C+19)	77.876,52 €

Tal e como pode observarse neste resumo e na Conta de Perdas e Ganancias adxunta, obtívose un resultado provisional de ganancias estimadas de 77.876,52 euros.

Os membros da Comisión Delegada informan positivamente deste punto da orde do día.

5º.: Normativas Autonómicas 2025

En canto a Normativa de liquidación e pagos por actividades presentada, coincide na súa totalidade coa que foi aprobada pola asemblea en 2023, considerámola en principio definitiva salvo que a Secretaría Xeral introduza algún cambio no Convenio de 2025, o cal non parece moi probable.

Sandra Estrada consulta se cabe a posibilidade de realizar algunha distinción na gratificación para xuíces tendo en conta o seu rango ou titulación, así como a responsabilidade que lle sexa asignada en cada competición. O Presidente indícalle que non está contemplada esta distinción nas Normativas desta Federación.

A Comisión Delegada informa positivamente deste punto da orde do día.

6º.: Calendario Provisional de Actividades 2025.

O calendario Provisional de Actividades elabórase acorde ao calendario nacional xunto coa opinión dos distintos comités técnicos.



Federación Galega de Ximnasia
R/Carlos Maside s/n 32002-Ourense
Tlfno.: 988238999 – www.ximnasia.com
C.E.: info@ximnasia.com



Aínda faltan moitas datas e sedes por pechar sendo as xa confirmadas as que recolleemos no arquivo adxunto.

A Comisión Delega informa positivamente deste punto da orde do día.

7º.: Suxerencias e preguntas.

Melania Rodríguez propuxo a revisión da Normativa de competición no caso das clasificacións onde existan ximnastas estranxeiros inscritos, entendendo estes como os ximnastas que non contan con DNI español. Propón que nestes casos se realice unha clasificación autonómica e unha clasificación paralela Open incluíndo a todos os ximnastas. O presidente lle indicou que esta particularidade non está contemplada na Normativa de competición, pero será obxecto de estudo por esta Federación, xunto coa Secretaría Xeral para o Deporte, para determinar a viabilidade da distinción de clasificacións dentro da organización dos Campionatos clasificatorios a nacional.

E sen máis puntos que tratar, érguese a sesión sendo a 17:00 h do día arriba indicado do que dou fe como Secretaria Xeral desta Federación.

Ourense, 21 de Decembro de 2024

Asdo.: M^a Belén Ferreiro Amoedo